




ARISTÓTELES

Para contextualizar a este filósofo, debemos ter en conta que, no século IV aC, o reino de Macedonia constituía unha pequena pero ambiciosa potencia. Os seus monarcas guerreiros soñaban con estender o seu territorio e obter un recoñecimento que non posuían. Atenas, civilizada e democrática, consideraba Macedonia como unha terra de semibárbaros e receaba dela. A vida de Aristóteles transcorreu entre estes dous mundos en constante conflito: era un home moi próximo ao poder macedonio, pero, como brillante intelectual, gustáballe o ambiente da culta e refinada Atenas.

Naceu ao redor do 384 aC na cidade de Estaxira, na península de Calcídica, veciña a Macedonia; alí os gregos formaran pequenas polis sempre en tensión coa expansionista potencia limítrofe. O pai de Aristóteles, Nicómaco, a pesar de ser un grego puro, relacionouse co rei Amintas, e converteuse en médico oficial da familia real, además de amigo e conselleiro. Na corte, Aristóteles coñeceu e trabou amizade con Filipo, fillo de Amintas e futuro rei.

Aristóteles, que tamén por parte de nai procedía dunha familia de médicos, recibiu, ademáis da formación xeral que se lles daba aos gregos acomodados, a formación especial dos descendentes de médicos. Esta formación tiña un elevado compoñente práctico e empírico que marcou a actividade filosófica de Aristóteles: o seu interese pola bioloxía ten a súa orixe nesta formación médica.

Á idade de 17 anos, orfo de pai e nai, trasladouse a Atenas e ingresou na Academia, na que permaneceu durante 20 anos (primeiro como alumno e despois como profesor). Cando Filipo de Macedonia logra a hexemonía sobre as cidades gregas, un forte sentimento anti-macedonio crece en Atenas, e Aristóteles ten que deixar a Academia e marchar da cidade.

Nos anos seguintes, nas cidades de Aso e Mitilene, vaise adicar sobre todo aos estudos de ciencias naturais: observaba, catalogaba, describía animais, plantas e fenómenos metereolóxicos. Tamén neste tempo distanciase cada vez máis das posicións idealistas de Platón.

Regresa a Estaxira para ser preceptor do xoven Alejandro, fillo do rei Filipo, cumprindo así co soño platónico de educar a un gobernante, pero Aristóteles queixábase de que o rapaz non estaba maduro para o pensamento político. Cando Alejandro sube ao trono y comeza a expansión militar,

Aristóteles regresa a Atenas.

Nos xardíns do santuario dedicado ao deus Apolo Likeis establece un centro alternativo á Academia, coñecido polo nome de Liceo. Os anos seguintes, de investigacións e actividade teórica, ademais de ensino no Liceo son moi produtivos, e neles desenvolve grande parte da súa filosofía.

O Imperio levantado por Alejandro Magno desfixera o sistema de polis ou cidades-Estado característico de Grecia, convertindo aos cidadáns en súbditos e alonxando a Política do interés do home común. Canto maior era o poder macedonio, máis crecía o odio cara eles, e Aristóteles, home próximo a ese poder, foi acusado de impiedade. Para “evitar un segundo crime contra a filosofía”, marcha ao exilio na illa de Eubea, onde falece un ano despois, cando contaba 62.

Grande parte da obra aristotélica perdeuse. Unha boa parte foi a parar a Roma, onde Andrónico de Rodas a ordenou e publicou co nome de Corpus aristotelicum. Son as chamadas obras esotéricas, apuntes dos alumnos do Liceo, de estilo árido e difícil. As principais son:

Física

Metafísica

Sobre a alma

Ética a Nicómaco

Política

Organon

...e bastantes obras centradas na zooloxía

As súas obras exotéricas, destinadas ao gran público, perdéronse; sabemos que eran diálogos de carácter lúdico e divulgador.

Unha das grandes paixóns de Aristóteles foi a observación e a análise da natureza. A maior parte da súa obra é resultado deste estudio empírico. A **Física e METAFÍSICA de Aristóteles** son a mostra.

A concepción metafísica da realidade que defende resulta moi sinxela: a **realidade**, aquilo que é, é o que Aristóteles denomina **sustancia (ousía)**.

As sustancias non son máis que os **individuos** concretos que nos rodean, eles constitúen a única e auténtica realidade. Pertencen ao mundo sensible de Platón, pero non se identifican con el, porque cada sustancia, segundo Aristóteles, contén unha **síntese** dos dous **mundos platónicos**. Esta tese a desenvolve nunha teoría chamada **HILOMORFISMO**. Ven do grego hylé (materia) e morphé (forma)

Esta teoría afirma que toda **sustancia** é un **composto de materia e forma**. Todo individuo concreto, mesmo da mesa que tes diante, pódese distinguir a materia da que está formada (p.ex., madeira), e mais a esencia ou forma, aquilo que a fai ser o que é (p.ex., unha superficie plana sustentada por varias patas).

Noutras palabras, nos individuos concretos, nas sustancias, podo encontrar dúas dimensións que se corresponden coas dúas realidades que postulaba Platón. Por unha parte a materia, compoñente físico, e pola outra, a forma, conxunto de características específicas dunha cousa que a fan ser o que é. Estes dous compoñentes só poden separarse na nosa análise en abstracto, no pensamento. Na realidade son un composto inseparable, e non, como dicía Platón, dous mundos irreconciliables. Ou sexa, que a materia é o soporte ou substrato da forma (a madeira é substrato da mesa), pero aínda non é a mesa ata que lle damos forma (esa forma convértea en mesa, e non en cadeira, caixa ou escultura). Son inseparables porque sen materia non hai sustancia, e sen forma tampouco.

Aristóteles sostén, asimesmo, a realidade do **cambio**: as sustancias transfórmanse, aparecen e desaparecen (a semente transfórmase en árbore, o neno en home, etc.) Ningunha é inmune ao paso do tempo (salvo o Primeiro Motor inmóvil, ou theos, do que falaremos logo)

Para Parménides isto era imposible. O que é non pode xurdir da nada; a xeración, transformación e destrución das cousas é só aparente, o ser é perfecto e eterno. Este razoamento conduce á negación da posibilidade do cambio.

Para Aristóteles, o erro de Parménides radica no feito de non se decatar de que existen diversas maneiras de ser ou non-ser. Unha semente non é unha árbore pero pode chegar a sê-lo, é dicir, apenas é unha maneira relativa de non ser. O non ser deste exemplo é distinto do non ser no exemplo seguinte: unha galiña non pode chegar a ser unha árbore, nin unha árbore un neno. Esta sería unha forma absoluta de non ser.

Esta distinción entre no-ser relativo e non-ser absoluto lévanos á distinción aristotélica entre potencia e acto. A semente non é unha árbore en acto, pero si o é en potencia. A árbore é árbore en acto, pero en potencia é unha mesa, unha cadeira, unha caixa...

-POTENCIA (dynamis) é a capacidade que posúe a materia dunha sustancia de asumir ou recibier unha forma diferente da que ten. (A madeira é en potencia unha mesa porque ten a capacidade de chegar a sê-lo.)

-ACTO (energeia) é a realidade actual de calquera sustancia e consiste na forma particular que recibise a materia (ou sexa, é a actualización dunha potencia).

Este binomio acto e potencia é o que fai posible a explicación do fenómeno físico do cambio, é dicir, da adquisición dunha nova forma por parte da materia. **Todo ser está en acto dalgunha cousa e ten diferentes potencias.** Isto explica o dinamismo que ten o mundo. Qué é o cambio? Todo cambio consiste na actualización dunha potencia.

A explicación do cambio complétase coa teoría das catro causas. O concepto aristotélico de causa é distinto do que empregamos na actualidade. Para o filósofo clásico, **todo aquilo que é necesario para que se produza un fenómeno é a súa causa.**

Así, aquilo de que está feito (materia), as súas cualidades esenciais (forma), o executor (causa eficiente) e o obxectivo que persegue (finalidade), son considerados as súas causas.

Visto nun exemplo; As catro causas que se lle poden atribuír a unha estatua de Zeus son: o mármore de que está feita (**causa material**), a idea ou modelo con que traballou o artista (**causa formal**), o artista ou produtor da obra (**causa eficiente**) e o obxectivo que motivou ao artista, por exemplo, honrar aos deuses (**causa final**).

Das catro causas establecidas, a causa final é posiblemente a de máis importantes repercusións. Afirmar que todo fenómeno ou suceso responde a un obxectivo supón defender, en palabras do propio pensador, que “a natureza non fai nada en van”. Todo persegue un *telos* (fin)

Se respondemos á pregunta “Porque chove?” dicindo que “a condensación da auga das nubes polo frío forma gotas que caen ao chan”, Aristóteles contestaría que iso non é suficiente, que aínda hai máis, que iso non é suficiente para que chova: “chove porque as plantas e os animais necesitan auga para poder crecer e vivir”.

Igual que as persoas actúan perseguindo uns obxectivos que elas mesmas se impoñen, toda a natureza está animada de tendencias cara a fins determinados. Para Aristóteles **todo na natureza tende a un fin: mellorar e perfeccionarse**, actualizando as súas potencias (a árbore dando froito, o neno medrando...). Esta concepción **teleolóxica** ou finalista da natureza dominará a Idade Media.

A **FÍSICA** de Aristóteles lévanos desde unha Cosmoxía ata unha Teoloxía.

Para el, o Universo é un cosmos finito no espazo e infinito no tempo, dividido en dous mundos: o **sublunar ou terrestre** e o **supralunar ou celeste**.

O primeiro está formado pola Terra, esférica e situada no centro do universo. É imperfecto e corruptible; formado polos catro elementos de Empédocles (aire, auga, terra e lume); o tipo de movemento natural é rectilíneo e imperfecto; os elementos pesados móvense cara abaixo e os lixeiros para arriba.

O segundo está formado polos demais astros (planetas e estrelas) que xiran en torno á Terra e as esferas que os moven (ao final sitúase a esfera das estrelas fixas). É perfecto e incorruptible; formado por un quinto elemento chamado éter; o tipo de movemento é circular, perfecto e inalterable (eterno).

Tanto se é rectilíneo como circular, en ambos mundos, **o movemento necesita**, segundo a Física aristotélica, un **motor** que a produza. Agora ben, como non podemos retroceder ata o infinito (algo lóxicamente imposible) na procura dun motor anterior, Aristóteles deduce a existencia dun **Primeiro Motor Inmóvil**. Este move todo o universo a través da esfera das estrelas fixas.

Esta sustancia inmóvil, que é a causa primeira do Universo, é **acto puro**. Como, senón podería ser inmóvil? Así mesmo, será tamén **forma pura sen materia** (xa que esta comporta potencialidade e movemento).

O Primeiro Motor move **como causa final**, e non como causa eficiente, xa que todo o universo se move e se transforma pola atracción e o desexo de se aproximar a esta perfección.

Este Primeiro Motor é **Deus** no sentido que é a causa suprema do universo, a pesar de que non se poda identificar cun deus persoal e creador do mundo. En definitiva, podemos afirmar que a Cosmoxía (a Física) nos conduciu á Teoloxía (coñecemento de Deus).